

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 155/2006, do 7 de setembro, polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia.

De acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía, a Comunidade Autónoma de Galicia posúe competencias exclusivas en materia de agricultura e gandería e, no exercicio delas, vén xestionando os recursos procedentes do Feoga e, particularmente, respecto da sección garantía, a través do organismo pagador autorizado.

O Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño, sobre o financiamento da política agrícola común, substitúe o actual Feoga por dous fondos agrícolas europeos, o Feoga e o Feader, e establece para os dous a xestión a través do sistema de organismos pagadores.

Ademais, o Regulamento 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño, establece disposicións de aplicación dese regulamento financeiro, en canto á autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación das contas do Feoga e do Feader, precisando os criterios exixidos para que un organismo pagador poida ser autorizado.

Nesta comunidade autónoma, o Fogga, como organismo autónomo da Consellería do Medio Rural, está constituído como organismo pagador dos gastos Feoga-Garantía, no exercicio das súas funcións de execución das accións necesarias para a aplicación da política agrícola común en Galicia, polo que cómpre facer as necesarias adaptacións no devandito organismo para a súa adecuación ao novo sistema de financiamento daquela política comunitaria.

Conforme o exposto, este decreto establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia, para desenvolver o Regulamento 885/2006, e de acordo do Real decreto 521/2006, do 28 de abril.

Na súa virtude, por iniciativa dos conselleiros de Economía e Facenda e do Medio Rural e por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de setembro de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Organismo pagador.

1. O Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), coa previa autorización formal da autoridade competente a que se refire o artigo 3º deste decreto, constituirase como organismo pagador en Galicia dos gastos financiados polo Feoga e polo Feader, de conformidade co previsto no Regulamento (CE) 1290/2005 do Consello e as súas disposicións de aplicación.

2. Como organismo pagador, o Fogga, polo que respecta aos pagamentos que realiza e á comunicación e conservación da información relacionada, deberá ofrecer garantías suficientes de que:

a) Antes de emitir a orde de pagamento comproba que as solicitudes cumpren cos requisitos necesarios e, no contexto do desenvolvemento rural, o procedemento de atribución de axudas se axusta á normativa comunitaria.

b) Os pagamentos que efectúa son contabilizados de forma exacta e exhaustiva.

c) Realiza os controis establecidos pola lexislación comunitaria.

d) Presenta os documentos exixidos pola normativa comunitaria en tempo e forma.

e) Os documentos, incluídos os electrónicos, para efectos da normativa comunitaria, son accesibles e consérvanse íntegros e lexibles co paso do tempo.

A execución destas tarefas poderase delegar, agás no que se refire ao pagamento das axudas comunitarias. A delegación de funcións instrumentarase a través de resolucións que especifiquen as atribucións e obrigas, tanto do Fogga como das unidades delegadas, especialmente as relativas ao control e verificación da conformidade dos procedementos coa lexislación comunitaria.

3. Para o desenvolvemento das súas funcións como organismo pagador, o Fogga deberá cumprir os criterios de autorización descritos no anexo I do Regulamento (CE) 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1290/2005 do Consello, no que se refire á autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación de contas do Feoga e do Feader.

Artigo 2º.-Organismo de certificación.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exercerá as funcións de organismo de certificación das contas do organismo pagador autorizado, logo de designación formal pola autoridade competente a que se refire o artigo 3º deste decreto, de conformidade co previsto no Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello e as súas disposicións de aplicación.

Artigo 3º.-Autoridade competente.

O conselleiro do Medio Rural é a autoridade competente en Galicia para autorizar e revogar a autorización do organismo pagador, así como para o exercicio das funcións atribuídas polo Regulamento (CE) 885/2006, do 21 de xuño, da Comisión, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1290/2005 do Consello no que se refire á autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación de contas do Feoga e do Feader.

Artigo 4º.-Autorización do organismo pagador.

1. Con carácter previo á autorización, e de acordo coas instrucións emitidas pola Comisión Europea, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia emitirá un informe de avaliación respecto do cum-

primemento polo organismo pagador dos criterios de autorización descritos no anexo I do Regulamento (CE) 885/2006, da Comisión. En concreto, o informe terá por obxecto a avaliación das disposicións aplicables á autorización e execución dos pagamentos, a salvagarda do orzamento comunitario, a seguridade dos sistemas de información, o mantemento dos rexistros contables, a separación de funcións e a idoneidade dos controis internos e externos, con respecto ás transaccións financiadas polo Feaga e polo Feader.

2. O conselleiro do Medio Rural, con base nos resultados do exame previo da Intervención Xeral, autorizará o Fogga como organismo pagador. Esta autorización publicárase no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Para efectos da súa transmisión á Comisión Europea, o director do Fogga comunicará ao Fega a autorización do organismo pagador de Galicia. A comunicación irá acompañada das declaracións e documentos referidos aos seguintes ámbitos:

- a) Atribucións conferidas ao organismo pagador.
- b) Distribución de atribucións entre os seus departamentos.
- c) Relación con outros órganos, públicos ou privados, encargados da aplicación de medidas financiadas con cargo aos fondos agrarios comunitarios.
- d) Procedementos de recepción, comprobación e validación das solicitudes dos beneficiarios, así como da autorización, pagamento e xustificación dos gastos; e disposicións sobre a seguridade dos sistemas de información.

Na mesma comunicación informarase da designación do organismo de certificación.

4. A comunicación a que se refire o punto anterior realizarase antes da imputación de calquera gasto ao Feaga ou Feader.

5. O conselleiro do Medio Rural supervisará o funcionamento do organismo pagador e comunicará por escrito á Comisión Europea, a través do Fega, cada tres anos, os resultados obtidos, informando da continuidade no cumprimento dos criterios de autorización.

Disposicións adicionais

Primeira.-A autorización do Fogga como organismo pagador dos fondos Feaga e Feader en Galicia e a súa comunicación á Comisión Europea, a través do Fega, realizaranse antes do 16 de outubro de 2006. A devandita autorización producirá efectos a partir desa data.

Segunda.-As funcións do Fogga como organismo pagador dos fondos Feaga e Feader exerceranse sen prexuízo das competencias da Consellería de Economía e Facenda en materia de planificación económica e fondos comunitarios.

Disposición transitoria

O Decreto 359/1996, do 13 de setembro, polo que se constitúe o organismo pagador dos gastos relacionados coa política agrícola común, non será aplicable a partir do 16 de outubro de 2006, agás que se auto-

ricen pagos Feoga-Garantía ata o 31 de decembro de 2006, en aplicación do suposto previsto no artigo 39 do Regulamento 1290/2005.

Disposición derogatoria

O Decreto 359/1996, do 13 de setembro, queda derogado a partir do 1 de xaneiro de 2007.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltanse os conselleiros de Economía e Facenda e do Medio Rural para ditar as normas de desenvolvemento e adoptar as medidas necesarias para a execución do disposto neste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, sete de setembro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza